



## INFORMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELACIÓN CON EMPRESAS ESTUDOS E TALLERES

### COVID19

#### ENSINANZAS PROFESIONAIS

DOURADO , PRATEADO E POLICROMÍA  
ESCULTURA APLICADA AO ESPECTÁCULO  
FOTOGRAFÍA  
ILUSTRACIÓN

De acordo coas directrices xerais da área de formación da escola que segue as instrucións ditadas polo Ministerio e a Consellería establécense tres situacións

FCT 1 Realizar conxuntamente a FPEET co PI (Proxecto Integrado) mediante un apartado na memoria deste traballo que estableza as relación entre o PI e o mundo laboral. Neste suposto o alumnado terá que contar coa autorización do Departamento de relación con empresas a través do seu titor de 2º curso.

FCT 2 Realizar a FPEET e o PI no primeiro trimestre do vindeiro curso. Neste caso, enviando un correo electrónico, a Dirección concederá as correspondentes anulacións de convocatoria por motivo da crise sanitaria.

FCT 3 Realizar o PI neste terceiro trimestre deixando a realización da FPEET para o primeiro trimestre do vindeiro curso. Neste suposto deberase contar coa autorización do Departamento de ensinanza e do Departamento de relación con empresas. Neste caso, enviando un correo electrónico, a Dirección concederá a correspondente anulación de convocatoria por motivo da crise sanitaria.

O alumnado que acceda a realización da FCT deberá escoller cal das tres opcións segue. Nos casos FCT 2 y FCT 3 ao comezo do vindeiro curso farase unha reunión co alumnado segundo as datas que se establezan no inicio do mesmo.

O alumnado que opte por facer un traballo de acordo co punto FCT 1 deberá comunicarlle ao seu titor de 2º curso unha proposta de tema do traballo para que sexa aprobada polo departamento de Relación con Empresas, estudos e Talleres.

## ENSINANZAS SUPERIORES

### DESEÑO GRÁFICO DESEÑO DE INTERIORES

Establécense tres opcións:

PE1 O alumnado que realizou na totalidade as prácticas, combinando un inicio con presencialidade e outro con teletraballo deberán entregarlle a memoria ANEXO 2 asinada pola empresa, en formato PDF por correo electrónico ao seu titor de PE.

PE2 O alumnado que realizou parcialmente as prácticas externas deberá desenvolver a memoria da parte realizada e falar co seu titor para establecer se se cumpren os mínimos esixidos.

PE3 O alumnado que non realizou as practicas externas pode optar por:

- a) Realizar prácticas externas e o TFE no primeiro cuadrimestre do vindeiro curso. Enviando un correo electrónico, a Dirección concederá as correspondentes anulacións de convocatoria por motivo da crise sanitaria.
- b) Realizar un traballo que estableza ás relacións entre o seu TFE e o mundo laboral, facéndolle a proposta ao seu titor de PE para ser autorizado polo Departamento de Relación con Empresas, estudos e Talleres..